

jueves, setembro 24, 2015 Juan Ramón

Este sábado, ao VI Congreso de Escritoras/es



¡Boas a todos/as! ¡Que tal!

Comunicovos que este sábado 26 de setembro teño a honra de asistir en Pontevedra ao VI Congreso de Escritoras/es da [AELG](#), asociación da que son [membro dende 2008](#) e que este ano me nomeou autor da semana do 2 ao 8 de marzo.

VI Congreso de Escritoras-es da AELG
Para que(n) escribimos o futuro
Pontevedra, 26 de setembro de 2015
Pazo da Cultura

10.15 Salón de actos. Presentación do Congreso
Cesáreo Sánchez Iglesias, Anxos Riveiro e Mercedes Queixas Zas

Seminario 1

10.30 - 12.00 A oralidade como soporte literario
12.30 - 14.00 O futuro da literatura dramática
16.00 - 17.30 Lusofonía como renovada oportunidade

Seminario 2

Dereitos de autoría e profesionalización
Novas formas de edición
Formación de lectores/as

18.00 - 19.30 Salón de actos. Presentación da nova web da AELG e sesión conxunta de todos os grupos de traballo

20.00 - 21.00 Salón de actos. Actuación musical aberta ao público: Xardín desordenado

PAZO DA CULTURA
PONTEVEDRA

Cultura
Pontevedra

CONCELLO DE
PONTEVEDRA

O Pazo da Cultura acollerá este evento, que ten o apoio do concello de Pontevedra a través da súa **concellaría de Cultura**, e no que estudaremos e debatiremos temas tan interesantes -entre outros- como os **dereitos de autoría e profesionalización**, as **novas formas de edición** ou a **formación de lectores/as**.

¡Agardando que chegue! ¡Saúdos a todos/as e a coidarse!